



Federación Galega de Montañismo
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, of 10
Teléfono 986 208758- Fax 986 207407
36209 Vigo

Vigo, 26 de xaneiro de 2011

Prezado/a federado/a:

Como vogal de comunicación, prensa e directora do boletín informativo dixital *Cumes* aproveito este primeiro contacto contigo para poñerme ao teu dispor para calquera suxestión que consideres oportuno trasladarme coa finalidade de mellorar a xestión da comunicación e a relación cos medios que está a desenvolver a Federación Galega de Montañismo. Para a nova Xunta Directiva da que son parte integrante é importante contar coas opinións e suxestións dos federados e federadas para entre todos mellorar o organismo.

Outro dos obxectivos desta comunicación é a de informarche da próxima reedición do boletín *Cumes* que tras uns anos sen editarse volverá nuns meses a ver a luz. Conscientes da forte implantación das novas tecnoloxías e da necesidade de achegarnos a unha sociedade na que Internet se converteu nunha ferramenta case que imprescindible, a nova Xunta Directiva acordou que o boletín que se editou ata o de agora en papel terá nesta nova etapa un formato dixital ao que poderán acceder tanto os federados como a sociedade en xeral a través da páxina web da FGM <http://www.fgmontanismo.com/>.

Nesta nova etapa que *Cumes* comezará en breve queremos contar coa participación de todos e todas vós invitándovos ao envío de artigos para a súa publicación no boletín. Coa finalidade de facilitarvos o traballo establecéronse unha serie de directrices que estes artigos deberán cumprir para seren publicados. Paso a continuación a detallar estas directrices para o envío de artigos:

- Poden presentarse cantos artigos se desexen, escritos en galego ou castelán, sobre montaña e as actividades que nela se desenvolven: sendeirismo, escalada, carreiras e esquí de montaña, barranquismo, así como medio ambiente, flora e fauna. Así mesmo serán igualmente publicables aqueles artigos relacionados co montañismo en si mesmo, en especial sobre a súa historia e personaxes históricos.
- Valorarase especialmente aqueles traballos que amosen lugares e aspectos novidosos das actividades, aínda que tamén terán cabida os artigos de actividades ou zonas xeográficas máis coñecidas.
- Non existe limitación na lonxitude dos textos que quedará supeditada ás necesidades da publicación, aínda que se recomenda que teñan unha lonxitude non inferior ás 1500 palabras, nin superior ás 3000. Coa finalidade de unificar os traballos a remitir agrádese o emprego da fonte Arial e corpo 12, cun interliñado de 1,5.



Federación Galega de Montañismo

Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, of 10
Teléfono 986 208758- Fax 986 207407
36209 Vigo

- Cando os textos vaian acompañados de imaxes estas terán que ser dixitais, en formato JPG e coa máxima calidade que sexa posible. As imaxes deberán acompañarse, cando sexan varias e a súa identificación poda conducir a erro, dun listado cos correspondentes pés de foto.
- Os traballos remitiranse ao enderezo electrónico da FGM c.echevarría@fgmontanismo.com indicando o nome e apelidos do autor ou autora, data e lugar de nacemento, enderezo, teléfono de contacto, e-mail e breve reseña con historial de actividades ou afeccións. Se se considera oportuno, poderase incluír unha fotografía dixital do autor ou autora do traballo. Así mesmo os traballos poderán remitirse nun CD que se fará chegar á oficina da FGM no seguinte enderezo: Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, of 10. C.P: 36209. Vigo. Pontevedra.

Recibe un cordial saúdo.

M^a del Carmen Echevarría Figueroa

Vogal de comunicación, prensa e directora do boletín informativo dixital *Cumes*

Nota: Os datos os que se fai referencia no derradeiro punto da carta, poderán pasar a formar parte dun ficheiro, debidamente rexistrado ante a Agencia Española de Protección de Datos, responsabilidade da Federación Galega de Montañismo, e a súa finalidade sería a comunicación co interesado ou a publicación dos mesmos no Boletín Informativo Dixital *Cumes*. Así mesmo, poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición, dirixíndose ó enderezo anteriormente indicado.